

Cal é o papel que ten a muller actual na esquerda?

"Os representantes dos partidos políticos son homes case sempre", denuncia a eurodeputada de AGEe, Lída Senra, que critica a pouca participación de mulleres nos "espazos de decisión".

Por Galicia Confidencial | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 19/11/2016 | Actualizada ás 09:00



A eurodeputada de AGEe, **Lída Senra**, chamou a "debater" sobre o **"escaso papel que segue tendo a muller na esquerda** que se está a construír", ao tempo que mostrou a súa preocupación por "compañeiros que din estar comprometidos co feminismo" pero que "non posibilitan para nada" a participación de mulleres nos "espazos de decisión".



Lída Senra no Parlamento Europeo

Senra manifestou esta opinión no marco dunhas xornadas internacionais de formación para mulleres tituladas 'O feminismo, imprescindible para construír outra Europa', que se iniciou este venres no Centro Cívico A Ponte, na cidade de Ourense.

"As delegacións para negociar están formadas case sempre por homes, os representantes dos partidos políticos son homes case sempre e todo se presenta cun verniz de moverse no politicamente correcto", sinalou a eurodeputada.

"Todos eles din estar de acordo coas **lexislacións de protección dos dereitos das mulleres** e a favor da participación das mulleres na vida política, sindical e social", manifestou Senra, para logo engadir que "ao mesmo tempo" eses "compañeiros" actúan de forma "totalmente contraria" e "non posibilitan" a participación das mulleres nos "espazos de decisión".

"Avanzamos en lexislacións ou políticas no papel de defensa das mulleres e sen embargo, seguen a aplicarse con sesgo machista porque a maioría de quen está en cargos de dirección e decisión son homes e faise un baleiro total ás mulleres feministas nas institucións", afirmou. "Onde estamos as mulleres no eido político e sindical, para participar nas mesas de negociación en pe de igualdade? En case ningunha parte. **Preocúpame moito, preocúpame moitísimo**", insistiu.

A día de hoxe, no conxunto do **Parlamento Europeo, só o 30% de eurodeputadas son mulleres** e "o peso agárrano os homes, que nas Comisións se reparten os documentos importantes para decidir entre eles", afondou. "Agardo que estas xornda sirvan para fortalecernos, facer novas propostas, poñerlle fin a esta situación e seguir avanzando", concluiu.

Ecofeminismo

Nas xornadas participan máis dunha docena de relatoras, en diferentes debates, como o celebrado na tarde deste venres baixo o título "Teoría de redes de acción: Introducción aos feminismos", da man da doutora en Filosofía e Semiótica, profesora da Universidade de Vigo, Saleta de Salvador Agra, que foi introducida pola deputada de En Marea no Parlamento galego Paula Verao.

A segunda charla impártea a **filósofa ecofeminista Alicia Puleo** sobre "Ecofeminismo para outro mundo posible", unha conferencia que se encargou de presentar Marga López Barreiro, concelleira en Vigo e membro de Anova.

Xa este sábado, as sesións comezaron ás 10 da mañá, cunha palestra de Eliane de Moura Martins, militante do Projeto Popular para o Brasil e doutoranda en Socioloxía pola Universidade Federal do Río Grande do Sul (Porto Alegre), sobre "Concibindo e construíndo o feminismo popular para facerlle fronte á colonialidade, ao capitalismo depredador e a todas as formas de neomachismos".

A membro de Anova Ourense Tania Bouzo será a encargada de presentar este primeiro debate da mañá, antes de dar paso, a partir das 12:00 horas, a Rosa Álvarez, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza, que falará sobre "Micromachismo: Cimentando o patriarcado", e que será presentada por Sandra Pesqueira, concelleira en Marín e tamén membro de Anova.

O sábado pola tarde, terá lugar o último debate, que baixo o título de "**Acción social desde o feminismo**. Exemplos de experiencias de traballo desde diferentes organizacións", reunirá a Isabel Vilalba, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), Eva Bastón e Tania Merelas, de Fiadeiras, grupos de traballo en igualdade de xénero dentro do Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais de Galiza, e Eva Gutiérrez, da Plataforma ProCAPD, en defensa dun centro público de atención a persoas con diversidade funcional para a provincia de Ourense. Nerea Conde, membro de Anova Ourense, encargárase de moderar esta última parte das xornadas.